



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA
DO CONSELLO SOCIAL DO 21.12.2022**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 21.12.2022

HORA DE COMEZO: 12:45 h.

HORA DE REMATE: 14:30 h.

LISTA DE ASISTENTES

Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (presidente)

Fernández Zunzunegui, Emilio

Graña Nogueiras, Jesús

Lesmes Romero, Yolanda

Macho Senra, Antonio

Martiño Gómez, Antonio

NON ASISTIRON:

Sánchez Gándara, Rosa María

SECRETARIO:

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)



O mércores, día 21 de decembro de 2022, ás 12:45 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27.06.2022).
2. Informe do presidente.
3. Informe sobre o teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2023. Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
4. Aprobación, se procede, para elevación ao Pleno, da proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio de 2023.
5. Avance do orzamento do Consello Social para o exercicio de 2023.
6. Informe sobre a Oferta de Emprego Público do persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo para o ano 2022. (Consello de Goberno do 29 de novembro de 2022).
7. Aprobación, se procede, da adhesión da UVigo á Rede ANEXXI de universidades para a realización de traballos científicos e técnicos que posibiliten a elaboración e publicación do "Atlas Nacional de España del siglo XXI". (Consello de Goberno do 29 de novembro de 2022).
8. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de novembro de 2022.
9. Aprobación, se procede, da aceptación pola Universidade de Vigo da doazón de equipos informáticos para uso de estudantes.
10. Rogos e preguntas.

O presidente saúda e agradece a asistencia dos presentes, e dá a benvida a Antonio Martiño, que se incorpora como novo membro da Comisión, en substitución do ex-vice-reitor de Economía José María Martín Moreno. Agradece tamén expresamente á vicexerente da Área económica, Mercedes Carracedo, e á responsable de Contabilidade da Universidade de Vigo, Lolí Ojea, a súa presenza, por se xorde algunha cuestión concreta relativa ás súas competencias en relación co Orzamento.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27.06.2022).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Reflexiona Juan Manuel Vieites sobre a transcendencia dos asuntos económicos e as importantes competencias que asume o Consello Social neste eido, máis aínda no actual contexto xeral. Refire tamén a situación favorable e equilibrada na que se atopa a UVigo e a súa correcta evolución, así como os datos que a sitúan nun escenario axeitado.

PUNTO 3

Informe sobre o teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2023. Acordo que proceda para elevación ao Pleno.

O presidente dálle a palabra á xerente Yolanda Lesmes, que presenta e explica os criterios seguidos para a confección do teito de gasto, o límite porcentual aprobado pola Xunta e o marxe autorizado sobre o exercicio de 2022. O total do teito de gasto ascende a 174.668.282,64 €.

- ***A Comisión acorda elevar informe favorable ao Pleno.***



PUNTO 4

Aprobación, se procede, para elevación ao Pleno, da proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio de 2023.

Yolanda Lesmes principia a presentación das liñas básicas do orzamento, que por primeira vez supera os 200 M€ (227.915.618 M€), enmarcando os condicionantes económicos e legais nos que se desenvolve, dende o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 ata os propios Estatutos da UVigo, pasando polas distintas leis e normativas aplicables.

Amosa unha análise sobre a evolución económico-financeira da UVigo e as achegas procedentes dos Plans de financiamento no período 2016-2023, que pasaron de 106,9 millóns de euros a 125,9 millóns para o próximo exercicio. Polo que cualifica o Plan vixente como favorable para dotar ás universidades galegas e acaído para financialas.

Respecto do orzamento e tocante aos ingresos, dá conta dos principais proxectos a abordar e desenvolver no vindeiro exercicio. Reflicte nunha gráfica a evolución do orzamento da UVigo entre 2014 (159,6 M€) e 2023 (227,9 M€). Debulla e resume os datos por capítulos e unha comparativa entre o previsto para 2023 e o rexistrado en 2022, explicando as variacións máis significativas. Á participación dos principais capítulos de ingreso no conxunto do orzamento dedica unha mención expresa, salientando a incidencia do cap. IV, de transferencias correntes (que baixa un 7%), e o cap. VII, de transferencias de capital (que aumenta un 3.5%). Entre os dous teñen un peso por enriba do 81%, mentres as taxas, prezos públicos e outros ingresos representan nas contas de 2023 o 7,5% (un punto menos que en 2022). Conclúe que a xestión do orzamento "é coidadosa".

No que atinxe aos gastos amosa unha gráfica comparativa que resume as grandes cifras de 2022 e 2023, cun incremento do 14.7% que de xeito significativo se reflicte principalmente nas subas do cap. VI de investimentos (40,5%) e cap. I de Persoal (10,3%). Respecto da incidencia dos principais capítulos de gasto no orzamento, destaca o incremento no cap. VI de investimentos correntes (pasa de representar o 18,1% en 2022 ao 22,2% en 2023).

Remata a intervención subliñando o obxectivo principal de manter o equilibrio orzamentario que se ven rexistrando dende 2012, ademais de incentivar a captación de recursos en fontes non tradicionais, para manter e incrementar a actividade da UVigo en distintos campos; cumprir os prazos legais para atender os pagamentos; e empregar o remanente de tesourería para financiar os pagamentos derivados de gastos.

Ábrese unha rolda de intervencións na que Jesús Graña, á vista da importante subida que se rexistra en gastos de Persoal, alerta de que supoñen máis da metade do orzamento e que por unha parte estanse afrontando con ingresos conxunturais, e doutra as previsións polos prezos públicos por matrícula non se cumpren porque hai moitos abandonos. Nestas circunstancias pide que se teña en consideración esta continxencia, para que a universidade "non quede desasistida". Pregunta tamén polo certificado de sostibilidade das contas públicas.

Sobre as normas de desenvolvemento do orzamento que se presenta rexístranse varias intervencións por entender que entre as modificacións detectadas no documento hai algunhas que afectan ao Consello Social e ás súas competencias. Concretamente, Jesús Graña sinala os artigos 11 e 17 e as disposicións adicionais, e manifesta que a universidade ten alternativas sen ter que afectar competencias do Consello Social. Na mesma liña pronúncianse Antonio Martiño, Emilio Zunzunegui e Antonio Macho. Resposta a xerente que en ningún caso é intención sacar competencias ao Consello Social senón que os cambios propóñense por operatividade, se ben sométese ao que se decida. Finalmente consensúase que a redacción dos artigos afectados se rectifique e se manteñan como estaban nas normas do exercicio 2022, debendo elevar ao Pleno o documento corrixido. Juan Manuel Vieites recoñece que posiblemente os cambios farían máis cómoda a xestión pero que non se deben perder competencias, agradece a boa disposición ao acordo e ofrece dispoñibilidade para que no futuro as normas se negocien previamente entre Xerencia e o Consello Social nas cuestións que lle afectan.

- ***Emítese informe favorable para elevación ao Pleno.***



PUNTO 5

Avance do orzamento do Consello Social para o exercicio de 2023.

Expón o secretario que se mantén o mesmo orzamento dos últimos anos, e resume os obxectivos e as variacións, que se recollen na documentación remitida. Engade Ignacio Rodríguez que tamén se achegaron indicadores elaborados pola Fundación Haz que se reflicten nun ranking que referencia a capacidade económica e a fortaleza dos consellos sociais no seu conxunto.

- ***Apróbase para elevación ao Pleno.***

PUNTO 6

Informe sobre a Oferta de Emprego Público do persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo para o ano 2022. (Consello de Goberno do 29 de novembro de 2022).

Á vista da documentación que teñen dispoñible os membros, e atendidas as explicacións da xerente,

- ***A Comisión dá a súa conformidade.***

PUNTO 7

Aprobación, se procede, da adhesión da UVigo á Rede ANEXXI de universidades para a realización de traballos científicos e técnicos que posibiliten a elaboración e publicación do "Atlas Nacional de España del siglo XXI". (Consello de Goberno do 29 de novembro de 2022).

O presidente contextualiza este punto e as características principais. Os asistentes dan por suficiente a documentación recibida.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 8

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de novembro de 2022.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 9

Aprobación, se procede, da aceptación pola Universidade de Vigo da doazón de equipos informáticos para uso de estudantes.

Explica a xerente os termos nos que se produce esta doazón, o material recibido e o uso pretendido que se lle dará.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 10

Rogos e preguntas

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:30 horas do 21 de decembro de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,

O secretario,

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

Ignacio Rodríguez Iglesias